



ANUNCIO do 26 de xullo de 2024, da Mesa de Valoración de Pontevedra, polo que se comunica a data do acto de poxa pública relativo ao procedemento de adxudicación, en réxime de compravenda ou alugueiro, de locais de negocio e prazas de garaxe propiedade deste instituto.

A Resolución do 15 de marzo de 2024 pola que se anunciaba o procedemento de adxudicación, mediante poxa, en réxime de compravenda ou alugueiro, de locais de negocio e prazas de garaxe propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 69, do 9 de abril.

De acordo co previsto na condición 10.2 do prego de condicións que regula ese procedemento, así como no número 8 da citada Resolución do 15 de marzo de 2024, *«O acto da poxa será público e a súa realización levarase a cabo no lugar, na data e na hora que se indique no anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia, así como na páxina web do IGVS: <http://igvs.xunta.es/web/igvs/350>»*.

Tendo en conta o anterior, faise público que a apertura das ofertas económicas e o acto de poxa pública terán lugar o día 18 de setembro de 2024, ás 9:00 horas, na sala de xuntas da planta baixa do Instituto Galego da Vivenda e Solo en Pontevedra na rúa Alcalde Hevia, 7.

Pontevedra, 26 de xullo de 2024

Margarita Cabaleiro Viñas

Presidenta da Mesa de Valoración de Pontevedra

(documento asinado electronicamente)

